CONSELLO DA CULTURA GALEGA
OBSERVATORIO DA CULTURA GALEGA

Web
consellodacultura.org

Twitter:
@consellocultura

Facebook:
facebook.com/consellocultura

Correo:
medios@consellodacultura.org

Telf:
+34 981 95 72 02

3/11/2013

# Os arquivos e a protección do patrimonio documental

## Introdución

Os arquivos sustentan unha parte fundamental da memoria colectiva, ao mesmo tempo que constitúen o soporte testemuñal da Historia. Deste xeito, amósanse coma unha ferramenta de coñecemento común, posto que son depositarios de información de carácter social e cultural, funcionando como custodios da documentación da actividade dunha institución ou empresa. Neste informe expóñense os antecedentes conceptuais da arquivística e amósanse os datos estatísticos dos arquivos galegos dende diferentes indicadores como tipo de arquivo, institución xestora ou titularidade. Tamén son obxecto de estudo outros indicadores transversais como hábitos e prácticas culturais, ensinanzas, emprego e a actividade de empresas relacionadas con este ámbito.

## Marco conceptual e referentes estatísticos

A arquivística e preservación é un dominio transversal do ámbito cultural e representa a colección e o repositorio de expresións culturais (obxectos mobles e inmateriais) que ten como finalidade a súa exhibición, reutilización e preservación para a posteridade, como por exemplo a preservación de edificacións e sitios históricos, arquivos sonoros, fototecas. A preservación relaciónase coa conservación e administración de propiedades culturais e naturais de particular interese.

As actividades asociadas coa Arquivística e preservación poden darse en cada un dos dominios culturais (o manuscrito dun autor, a primeira representación dunha obra, un concerto ou exhibición). O material arquivístico tamén representa un punto de referencia que pode servir de inspiración a novas creacións. Por outra banda, os compoñentes arquivísticos e de preservación das belas artes, artesanías, deseños, arquitectura e industrias audiovisuais e editoriais tamén poden inspirar novas producións. Así mesmo, os arquivos preservan documentos orixinais como manuscritos, fotografías, libros, filmes e gravacións radiais.

Para o estudo deste apartado, o Observatorio da Cultura Galega colle como referencia a definición de arquivo do Ministerio de Educación, Cultura e Deportes. Este ten en conta a descrición recollida na *Ley de Patrimonio Histórico Español 16/1985*. Son arquivos os conxuntos orgánicos de documentos, ou a unión de varios destes, reunidos polas persoas xurídicas públicas ou privadas, no exercicio das súas actividades, ao servizo da súa utilización para a investigación, a cultura, a información e a xestión administrativa. Así mesmo, enténdense por arquivos, aquelas institucións

culturais onde se reúnen, conservan, ordenan e difunden para os fins anteriormente mencionados os devanditos conxuntos orgánicos.

**Resultados**

No que respecta ao número de arquivos, cómpre salientar que crecen de xeito significativo os arquivos de asociacións e de institucións científicas, culturais e de investigación. Por primeira vez a estatística do Censo-Guía de Archivos de España e Iberoamérica aporta datos dos arquivos de empresa que emerxen con 176 arquivos na comunidade galega. As diferenzas nas clasificacións desta fonte obrigan a tomar os resultados que ofrecemos en series con certa cautela.

Constatamos que a partir do ano 2008 o Censo-Guía de Archivos de España e Iberoamérica recolle unha nova tipoloxía de arquivo e publica datos dos arquivos daqueles organismos públicos que foron suprimidos, cuxos fondos pasan a ser custodiados por uns arquivos centrais que varían dependendo das competencias dos devanditos organismos (competencia estatal, autonómica, provincial ou local). Estes arquivos experimentan un forte aumento, pasando de 45 a 253, que semella ter relación con cambios nos organigramas dos departamentos públicos. O groso dos arquivos totais segue liderado polos arquivos parroquiais.

1.1. Número de Arquivos en Galicia segundo tipo

| | 2007 | 2008 | 2011 | 2013 |
|---|---|---|---|---|
| Total arquivos | 4218 | 4304 | 4167 | 4220 |
| Central da Comunidade Autonóma | - | 0 | - | 1 |
| De asociación | 58 | 60 | 60 | 83 |
| De centro benéfico | 16 | 16 | 16 | 16 |
| De confraría ou asociación relixiosa | 3 | 3 | 3 | 3 |
| Bancario | 13 | 12 | 12 | 12 |
| De empresas | - | - | - | 176 |
| De empresas públicas | - | - | - | 2 |
| De medios de comunicación | 13 | 13 | 13 | 13 |
| De organizacións patronais | 3 | 3 | 3 | 3 |
| De cámara agraria | 107 | 107 | 282 | 17 |
| De centros docentes non universitarios | 249 | 249 | 242 | 238 |
| De catedral ou colexiata | 7 | 6 | 6 | 6 |
| De seminario eclesiástico | 4 | 4 | 4 | 4 |
| Diocesanos | 7 | 7 | 6 | 6 |
| Monástico | 42 | 42 | 43 | 43 |
| Parroquiais | 2756 | 2757 | 2413 | 2402 |
| Persoais e familiares | - | - | - | 9 |
| De colexios profesionais | 40 | 40 | 40 | 42 |
| De Deputación provincial | 7 | 7 | 7 | 6 |
| De institución científica, cultural e de investigación | 24 | 24 | 25 | 34 |
| De institucións penitenciarias | 4 | 3 | 3 | 3 |
| De administracións públicas | - | - | - | 89 |
| De cámaras de comercio | - | - | - | 7 |
| De organizacións sindicais | 10 | 10 | 10 | 10 |
| De órganos de control externo | - | - | - | 1 |
| De partido político | 3 | 3 | 4 | 3 |
| De rexistros públicos | 0 | 39 | 78 | 88 |
| De sanidade pública | 37 | 38 | 37 | 42 |
| De cámaras da propiedade | - | - | - | 4 |
| De institucións hidrográficas e portuarias | - | - | - | 5 |
| Arquivo histórico provincial | 3 | 3 | 3 | 3 |
| Xudicial | - | 45 | 260 | 225 |
| Militar | 4 | 4 | 3 | 2 |
| Municipais | 278 | 275 | 276 | 284 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Notarial | 59 | 59 | 59 | 59 |
| Arquivo rexional | 1 | 1 | 2 | 1 |
| Arquivo universitario | 22 | 24 | 24 | 4 |
| De organismos públicos suprimidos | - | 45 | 240 | 253 |
| De organismos privados suprimidos | - | - | - | 6 |
| Territoriais | - | - | - | 32 |

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Censo-Guía de Archivos de España e Iberoamérica

Cun total de 4.220 arquivos a comunidade galega amosa unha tendencia estable no número de arquivos aínda que os datos experimentan certa mobilidade dependendo do tipo de arquivo. En 2013 non se acada o número de arquivos de 2008 pero aumenta con respecto de 2011.

Os arquivos de titularidade privada, como se observa na seguinte gráfica, supoñen o 59,9% do total dos arquivos galegos. Con todo, hai que ter en conta que o peso dos arquivos eclesiásticos dentro da xestión privada é dun 90,1%.

### 1.2. Comparativa entre os arquivos de titularidade pública e privada




Fonte: Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Censo-Guía de Archivos de España e Iberoamérica

Por outra banda, e como se pode ver a continuación, a Administración autonómica e o Poder Xudicial son as institucións xestoras de titularidade pública cun maior número de arquivos. O

DATOS & INFORMES

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Censo-Guía de Archivos de España e Iberoamérica non aporta en 2013 datos sobre os colexios profesionais.

1.3. Arquivos en Galicia de titularidade pública segundo institución xestora. Evolución 2007-2013

| | 2007 | 2008 | 2011 | 2013 |
|---|---|---|---|---|
| Administración central | 256 | 253 | 237 | 241 |
| Administración autonómica/territorial | 430 | 430 | 458 | 459 |
| Administración local | 286 | 283 | 283 | 282 |
| Poder lexislativo | 1 | 1 | 1 | 1 |
| Poder xudicial | 414 | 414 | 414 | 414 |
| Outras administracións públicas | 23 | 23 | 23 | 1 |
| Institución privada (Colexios profesionais) | - | 40 | 40 | - |

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.Censo-Guía de Archivos de España e Iberoamérica

Como diciamos, dos 4.267 arquivos totais que hai en Galicia, case o 60% son privados e dentro da titularidade privada 2.464 son xestionados pola Administración Eclesiástica, un 57,7% do total.

1.4. Arquivos en Galicia de titularidade privada segundo institucións xestora

| | 2007 | 2008 | 2011 | 2013 |
|---|---|---|---|---|
| Persoa ou familia | 16 | 16 | 16 | 13 |
| Institución privada | 298 | 256 | 257 | 258 |
| Administración eclesiástica | 2.819 | 2.819 | 2.476 | 2.464 |

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Censo-Guía de Archivos de España e Iberoamérica

DATOS & INFORMES

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

1.5. Comparativa de arquivos de titularidade privada por institución xestora.




Fonte: Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Censo-Guía de Archivos de España e Iberoamérica

Por último no que atinxe ao ciclo vital dos arquivos, a meirande parte son centrais, tanto nos de titularidade pública como privada. En 2013 dobrouse o número de arquivos de ciclo intermedio, todos de titularidade pública a excepción de un: o arquivo de titularidade privada da Fundación Luis Tilve. Na seguinte táboa móstranse os datos segundo titularidade e ciclo vital.

1.6 Arquivos en Galicia segundo titularidade e ciclo vital

| | 2007 | | 2008 | | 2013 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Privada | Pública | Privada | Pública | Privada | Pública |
| Histórico | 15 | 5 | 15 | 4 | 18 | 12 |
| Intermedio | 0 | 7 | 0 | 7 | 1 | 14 |
| Central | 196 | 1.080 | 194 | 1.072 | 194 | 1062 |
| De xestión | 0 | 8 | 0 | 8 | 1 | 11 |

No tocante ao hábito da poboación galega de visitar arquivos incrementouse no último bienio do que existen datos, tal e como se pode ver na seguinte táboa.

DATOS & INFORMES

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

1.7 Persoas segundo a visita a arquivos nun ano por comunidade autónoma (porcentaxe)

| | 2002-2003 | 2006-2007 | 2010-2011 |
|---|---|---|---|
| Total España | 3,5 | 3,9 | 5 |
| Andalucía | 3,6 | 4,8 | 5,3 |
| Aragón | 6,7 | 5,4 | 4 |
| Asturias (Principado de) | 2,4 | 2,8 | 4,3 |
| Baleares (Illas) | 2,2 | 5,8 | 2,7 |
| Canarias (Comunidade de) | 5 | 4,6 | 10,2 |
| Cantabria | 4,4 | 6,9 | 6 |
| Castela e León | 4,5 | 5,8 | 3,8 |
| Castela-A Mancha | 2 | 4,9 | 4 |
| Cataluña | 5,3 | 2,6 | 4,6 |
| Comunidade Valenciana | 2,8 | 3,9 | 5,4 |
| Estremadura | 3,3 | 3,6 | 3,5 |
| Galicia | 4,4 | 3,4 | 4,8 |
| Madrid (Comunidade de) | 0,7 | 2,7 | 5 |
| Murcia (Rexión de) | 3,1 | 2,7 | 3,1 |
| Navarra (Comunidade Foral de) | 3,1 | 4,6 | 3 |
| País Vasco | 4,2 | 3,2 | 5,2 |
| Rioxa (A) | 3,6 | 2,7 | 6,1 |
| Ceuta e Melilla | - | 8,7 | 5,3 |

Fonte: Ministerio de Cultura. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2010-2011.

No referido ás ensinanzas culturais, a titulación de 2º ciclo de biblioteconomía e documentación é única e común para arquivos e bibliotecas. Na seguinte táboa obsérvanse os datos de matriculados e titulados neste ciclo. A partir do curso 2009-2010 o alumnado comeza a nova titulación de Grao en Información e Documentación.

1.8 Alumnos matriculados e titulados en documentación (2º ciclo) e en Biblioteconomía e Documentación en Galicia

| | | Licenciados en Documentación (2º ciclo) | Diplomados en Biblioteconomía e Documentación | Graduado en información e documentación |
|---|---|---|---|---|
| 2007-2008 | Matriculados | 63 | 60 | - |
| | Titulados | 17 | 11 | - |
| 2008-2009 | Matriculados | 41 | 60 | - |
| | Titulados | 13 | 14 | - |
| 2009-2010 | Matriculados | 40 | 47 | 10 |
| | Titulados | 8 | 12 | - |
| 2010-2011 | Matriculados | 29 | 33 | 13 |
| | Titulados | 10 | 15 | - |
| 2011-2012 | Matriculados | 32 | 12 | 20 |
| | Titulados | 10 | 3 | - |
| 2012-2013 | Matriculados | 18 | 8 | 27 |
| | Titulados | - | - | - |

Fontes: Instituto Nacional de Estadística. Estadística de la Enseñanza Universitaria

Cos datos xa publicados do curso 2012-2012, pódese apreciar na táboa anterior o aumento de matriculados tanto na licenciatura de Documentación como na diplomatura e no Grao. O número de titulados, tanto licenciados coma diplomados, no curso 2011-2012 descendeu con respecto ao curso anterior, debido a que estas titulacións se foron extinguindo a medida que se

foi implantado a nova titulación de Grao en Información e Documentación, da que aínda non hai datos de titulados.

Por outra banda, pódese observar que no curso 2010-2011 no conxunto de España hai 12 universidades que imparten estudos de documentación, das cales 11 son de titularidade pública. Ademais, cómpre salientar que hai máis matriculados na licenciatura ca na diplomatura. En Galicia, estes estudos impártense unicamente na Universidade da Coruña.

1.9 Número de centros que imparten estudos de documentación e alumnado matriculado nestas titulacións nas universidades españolas no curso 2010-2011

| | Centros | | Alumnado | |
|---|---|---|---|---|
| | Dipl. en Bibli. e Doc. | Lic. En Documentación | Dipl. en Bibli. e Doc. | Lic. En Documentación |
| TOTAL | 12 | 12 | 891 | 1.120 |
| UNIVERSIDADES PÚBLICAS | 11 | 11 | 851 | 583 |
| Alcalá de Henares | - | 1 | - | 16 |
| Autónoma de Barcelona | - | 1 | - | 21 |
| Barcelona | 1 | 1 | 213 | 35 |
| Carlos III | 1 | 1 | 30 | 44 |
| Complutense de Madrid | 1 | 1 | 103 | 78 |
| Coruña, A | 1 | 1 | 33 | 29 |
| Estremadura | 1 | 1 | 48 | 26 |
| Granada | 1 | 1 | 124 | 120 |
| León | 1 | 1 | 66 | - |
| Murcia | 1 | 1 | 114 | 81 |
| Politécnica de Valencia | - | 1 | - | 115 |
| Salamanca | 1 | 1 | 7 | 18 |
| Valencia | 1 | | 106 | - |
| Zaragoza | 1 | - | 7 | - |
| UNIVERSIDADES PRIVADAS | 1 | - | 40 | 537 |
| Oberta de Catalunya | - | 1 | - | 537 |
| Vic | 1 | | 40 | - |

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Estadística de la Enseñanza Universitaria

O número de empresas nas actividades económicas asociadas a este sector creceu de forma importante nos últimos anos. A maioría das empresas de nova creación son empresas sen asalariados ou con un ou dous traballadores.

DATOS & INFORMES

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

1.10 Empresas de actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais en Galicia

| | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras | | | | | | |
| Total | 76 | 67 | 133 | 158 | 180 | 198 |
| Sen asalariados | 27 | 23 | 56 | 62 | 76 | 78 |
| De 1 a 2 asalariados | 20 | 18 | 33 | 46 | 55 | 66 |
| De 3 a 5 asalariados | 10 | 9 | 19 | 20 | 17 | 27 |
| De 6 a 9 asalariados | 6 | 6 | 9 | 11 | 15 | 12 |
| De 10 a 19 asalariados | 10 | 9 | 11 | 16 | 13 | 10 |
| De 20 a 49 asalariados | 3 | 2 | 3 | 2 | 2 | 3 |
| De 50 a 99 asalariados | 0 | 0 | 2 | 1 | 2 | 2 |

Fonte: Instituto Nacional de Estatística. Directorio Central de Empresas

No relativo ao emprego cultural, as afiliacións á seguridade social das actividades económicas relacionadas cos arquivos atópanse influídas por certa estacionalidade, tendendo a perderse traballadores no segundo semestre de cada ano. Neste momento, as contratacións tenden a crecer de maneira importante.

1.11 Afiliacións á Seguridade Social en actividades de bibiotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais en Galicia




Fonte: Instituto Galego de Estatística. Afiliacións á Seguridade Social

No tocante á contratación, o grupo primario ao que temos que facer referencia é o de Arquivistas e conservadores de museos que ten un perfil feminino, de 26 a 35 anos, contratado en actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais na comarca de

Lugo. Actualmente existen 21 contratados anuais e 34 contratos asinados nos últimos 12 meses.

O perfil do paro rexistrado para a profesión de arquiveiro é o dunha muller de 26 a 35 anos con titulación universitaria da Comarca de A Coruña. Case a metade do colectivo atópase na categoría de parado de longa duración. A tendencia do paro rexistrado é de decrecemento irregular. A 30 de setembro de 2013 atópanse 346 demandantes nesta profesión.

Os axudantes de arquivos, asociados ao grupo primario dos técnicos en galerías de arte, museos e bibliotecas asinaron 25 contratos anuais para 24 contratados. O perfil tipo da contratación é feminino, de 36 a 45 anos en actividades asociativas, na comarca de Santiago.Atopamos 246 demandantes nesta ocupación. O seu perfil é o dunha muller de 26 a 35 anos, con titulación universitaria da comarca de Santiago. O 48,7% do colectivo é parado de longa duración. O indicador de tendencia é de decrecemento irregular.